

# CELEBRACIÓN DA GRAN PERDOANZA EN OS COTOS 2023

Grazas, Señor, pola túa man  
chea de misericordia



Saúdo

Achegámonos a Ti, Señor,  
nestes días escandalizados pola guerra  
porque o noso corazón  
está necesitado de agarimo e acollida.

Benvidos sexamos todos.

Reunímonos coma comunidade no nome do Pai, e  
do Fillo e do Espírito Santo.



A vida é un camiño, no que todos imos dando grandes ou pequenos pasos, unhas veces o camiñar é para adiante, outras para atrás, unhas veces para un lado e outras para outro, unhas veces con presa e outras paseniño. Hoxe os nosos pasos de vida e de parroquia están feridos e escandalizados por unha guerra que non entendemos *(imos colocando polo chan as pegadas co nome das parroquias de Os Cotos)*



Hoxe reunímonos aquí para revisar as nosas vidas. Imos recoñecer que o noso xeito de vivir non sempre nos fai parecer a Xesús. Imos recoñecer que moitas veces as nosas palabras e os nosos feitos non son nin coidadosos nin pacíficos.

*(colocamos no chan o estandarte da pascua)*



Agora imos falar da vida, da nosa, cos nosos acertos e cos nosos erros, coas nosas cousas boas e coas non tan boas.

Se a vida é un camiño, no camiño atopamos persoas que nos acompañan na vida, persoas que nos axudan e aconsellan, persoas que se preocupan por nós, e que como faros están aí para facermos cada día o mellor.

*(imos dicindo o nome das persoas  
que máis nos teñen axudado na vida)*

Neste ano, aínda coa pandemia a voltas, e escandalizados por unha guerra que fire a paz, poñemos en valor algunhas cousas e algunhas persoas que nos son imprescindibles, ou polo menos necesarias e importantes:

*(imos pousando fotos polo camiño)*

Son sinais de vida os esforzos de paz en Ucraia



Son sinais de vida as mans coidadoras de maiores



Son sinais de vida a acollida aos fuxidos da guerra



Son sinais de vida os coidados e a vacina



Son sinais de vida as bágoas, os berros e os soños de paz



Son sinais de vida as vidas que acompañan



Son sinais de vida as esperanzas entre as dores



Son sinais de vida o noso ser igrexa e comunidade



Somos agora mesmo sinais de vida, atrevéndonos a recoñecer ante os demais que moitas veces nos equivocamos. Somos sinais de vida porque recoñecemos o noso pecado e pedimos perdón.



Se a vida é un camiño, ademais destas vidas, no camiño tamén atopamos:

**Pedras pequenas** (colocamos unhas pedriñas polo medio de onde temos as pegadas)



No camiño sabemos que xorden os atrancos, os tropezos. As veces son tropezos persoais, outras atrancos da sociedade na que vivimos. As pedras lémbrennos todas esas cousas que

non nos deixan camiñar orgullosos. **Este ano non sempre o fixemos ben na responsabilidade de coidarmos para coidar mellor de todo e de todos, e que dicir desta ferida de guerra na paz que seguimos a vivir.**




Para poder camiñar necesitamos quitar do medio as pedras, e facémolo agora, ao pedir perdón. Facendo así deixamos mellor camiño para os demais, e tamén os demais cando piden perdón deixan mellor camiño para nós. Esta é a razón pola que estamos aquí, para pedir perdón.

Queremos agora atoparnos con Xesús, queremos enchernos da súa vida, queremos que nos axude a abrir os ollos e que nos dea unha man para quitar do medio todo o que nos fai tropezar.

Esforcémonos por acadalo, deixémonos coidar por Deus, coidando de nós, dos demais, de todo, e abrindo horizontes de paz.

Coa súa man axúdanos a quitar do medio as pedras nas que tropezamos.



## Oración



**Leemos todos xuntos**

*Non nos deas a espalda, non te alonxes de nós,  
agora que estamos buscando palabras para rezar.*

*Non nos deixes,  
agora que queremos reconciliarnos contigo  
e cos nosos irmáns.*

*Ven na nosa axuda  
para que poidamos andar no camiño do teu amor.*

*Se nos atrevemos a chamarche Pai,  
é porque temos a seguridade que nos dá  
a palabra e a vida de Xesús.*

*Es Noso Pai, todo amor,  
Ti estás por enriba dos nosos egoísmos  
salvándonos e perdoándonos sempre.*

*Líbranos das nosas actitudes de pecado  
e fainos libres na verdade e no amor.  
Pedímoscho a Ti que vives e reinas  
por sempre eternamente. Amén*

## Revisamos as nosas vidas Unhas pedras grandes no camiño

### 1. Non nos fiamos de Deus

Para pensar en silencio



Pomos a pedra grande no camiño

Mirando para dentro de nós atopámonos con que ás veces non nos sentimos confiados nas mans de Deus. El fáisenos lonxano, e só acudimos a El cando as cousas non nos van ben.



Crémolo coma un ser superior e non coma Pai que nos acolle e agarima, crémolo como alguén que pode facer milagres e non coma Nai que á nosa beira se doe con nós.

Pai-Nai-Irmán son palabras que non nos acabamos de crer cando falamos de Deus. E aínda que as creamos témolos convertido en palabras caladas baixo o barullo dos tiros e das bombas que afogan a paz.

Convertemos en Deus: o diñeiro, a roupa de moda, o teléfono, as comodidades, o pracer, a comida, os caprichos, ...

Deus conta na miña vida?

Conto de verdade con Deus?

Camiño día a día querendo facer realidade

o evanxeo de Xesús?

Sinto a Deus fiándose de min para coidar e ser coidadoso?

Sinto a Deus fiándose de min para sementar paz e igualdade,

e non agresividade?

### 2. Non nos valoramos, aparentamos

Para pensar en silencio



Pomos unha pedra grande no camiño

Mirando para dentro de nós atopámonos con que ás veces non nos valoramos, somos



pesimistas, non nos aceptamos tal e como somos. Non nos mostramos como realmente somos e por iso aparentamos; temos dúas caras (a propia e a que pomos ante os demais), e así medimos aos demais e a nós mesmos, non polo que somos senón polo que temos.



Teño afán por ter, teño envexa dos demais?

Canto hai de aparentar na miña vida?

Móstrome sempre con sinceridade?

Atrévome a recoñecer que podo facer mellor as cousas?

Son dos pesimistas, e dos que penso que nada podo facer?

### 3. Non somos irmáns

Para pensar en silencio



Pomos unha pedra grande no camiño

Mirando para dentro de nós, e mirando para os camiños da nosa vida atopámonos con que ás veces non somos



irmáns. Non o somos cando as palabras nos serven para criticar, para falar mal de alguén, para mentir, para insultar.

Tampouco somos irmáns no que facemos, pois os feitos hoxe nos din que hai enfrontamentos, pelexas, abusos, violencias, ... tampouco compartimos, facemos menos dos demais, gardamos odio, somos vingativos ...

Hai na miña vida mentiras e enganos?

Hai na miña vida críticas inxustas, e por detrás?



Hai na miña vida palabras e feitos que feren aos demais?

Trato e coido aos demais  
como quero que me traten e me coiden a min?

Trato de vivir en paz, sen agresividade  
ou son dos que lle boto máis leña ao lume?

#### 4. Esquecémonos de moitas persoas *Para pensar en silencio*



**Pomos unha pedra grande no camiño**

Mirando para dentro de nós atopámonos con que ás veces na vida esquecémonos de




moitas persoas.

Esquecidos sen pan e con fame; esquecidos e perdidos coma refuxiados diante de muros e alambradas; esquecidos e desesperados fuxindo de guerras e violencias que nos escandalizan e non podemos entender.



E aínda que non sexamos moi conscientes, o certo é que, o noso xeito de vivir, as nosas comodidades, o noso benestar, fai que eses esquecidos vivan cada día peor e máis esquecidos. Ben

conta nos damos disto nas nosas aldeas.



Todas estas vidas, non nos estarán dicindo que fomos e somos demasiado esquecedizos con moitas persoas?

#### 5. Non somos parroquia e igrexa *Para pensar en silencio*



**Pomos unha pedra grande no camiño**

Mirando para dentro de nós atopámonos con que as veces non somos e non facemos parroquia. É máis fácil falar e criticar que traballar xuntos. Pódenos a comodidade e cremos que só vale o meu, e que cada un se preocupe do seu. A pandemia, Ucraia, están alonxándonos dun compartir en comunidade que nos está saíndo caro. Hoxe, tamén entre nós, gaña o individualismo. Cando se fala de comunidade tanto se equivoca o que fai as cousas mal pola parroquia como o que non fai nada.



**Participo na igrexa?**

**Podo dicir que eu conto coa parroquia e a parroquia comigo?**

#### 6. Non coidamos a terra *Para pensar en silencio*



**Pomos unha pedra grande no camiño**

Mirando para nós, para a nosa parroquia, para os nosos montes, para os nosos ríos, atopamos lixo, plásticos, escombros, ... e tantas e tantas cousas que nos din que non está ben coidada a terra. Non temos que ir lonxe, e non son os de lonxe os que fan isto aquí.



Os lumes, tantas veces mal intencionados, os muíños eólicos no Suído, a canteira sen importar as consecuencias, ...

**Preocúpome por reducir o consumo, reutilizar e reciclar?**

**Coido da terra e da natureza de xeito que chegue chea de vida para as xeracións vindeiras?**

(Pedimos perdón) Así somos e así é a nosa vida. Estes son hoxe os nosos pecados. Só o perdón de Deus fai de nós persoas novas. El dános hoxe, agora, a súa man, unha man que perdoa e acolle, porque é un Deus que nos quere a pesares dos nosos fallos, é un Pai, unha Nai, un Irmán disposto a dar unha man para quitar do medio o que nos fai tropezar.



► Por todas as veces que non nos fiamos de Ti, Pai, nin do teu Fillo Xesús, dicimos:  
**perdón Señor, e téndenos a túa man**

► (damos volta á pedra grande)



► Por todas as veces que non nos valoramos e aparentamos,  
**perdón Señor, e téndenos a túa man**

► (damos volta á pedra grande)



► Por todas as veces que non somos irmáns,  
**perdón Señor, e téndenos a túa man**

► (damos volta á pedra grande)



► Por todas as veces que nos esquecemos de moitas persoas,  
**perdón Señor, e téndenos a túa man**

► (damos volta á pedra grande)



► Por todas as veces que non somos parroquia e igrexa,  
**perdón Señor, e téndenos a túa man**

► (damos volta á pedra grande)



► Por todas as veces que non coidamos a terra,  
**perdón Señor, e téndenos a túa man**

► (damos volta á pedra grande)



## Un corazón renovado



Queremos cambiar o noso corazón. Solos non podemos facelo, necesitamos da túa man, Señor.

**Leemos todos xuntos**

Concédenos, Señor, un corazón pacífico porque un corazón agresivo: fire, e só se pon no lugar do outro para aproveitarse. Dános un corazón esperto e atento para a paz, un corazón que ofrece unha man aberta e acolledora, un corazón que se abaixa para erguer a quen busca dignidade.

Concédenos, Señor, un corazón coidadoso porque ás veces o corazón déixase levar e só se preocupa do seu, e cada un ao seu. Dános un corazón coidadoso con un mesmo, pero tamén coidadoso cos demais, e coa natureza, facendo da terra “casa común”.

Concédenos, Señor, un corazón recto porque moitas veces desviámonos do teu camiño, non buscamos a verdade, senón só o noso proveito. Dános, Señor, un corazón responsable e sincero, que non se engane a si mesmo, nin pretenda enganar aos demais.



Concédenos, Señor, un corazón atrevido

porque un corazón acomodado nada se atreve a cambiar e facéndose insensible todo lle dá igual.

Dáenos, Señor, un corazón que non se deixe levar das rutinas, e que nos axude a sentirmos vivos nas pequenas cousas de cada día.

Concédenos, Señor un corazón para compartir

porque o noso corazón moitas veces é escravo, átase a moitos apegos que non o fan feliz:

a envexa, a codicia, o pracer, a fama, a comodidade, ...

Dáenos, Señor, un corazón desapegado, pobre, humilde e sempre en actitude de cambio na procura de mellorar.

*(é o momento da confesión individual e a absolución para quen o desexe)*



**Absolución**

Deus, Pai que non se complace na morte do pecador senón que se converta e viva, que nos amou primeiro e mandou ao seu fillo ao mundo para que o mundo se salve por el, móstrenos a súa misericordia e concédanos a súa paz. Amén.

Noso Señor Xesús, que deu a súa vida por nós e resucitou para a nosa xustificación, que enviou o seu Espírito aos apóstolos para que recibiran o poder de perdoar; líbrete polo meu ministerio de todo mal e te encha do seu Espírito. Amén

O Espírito que se nos deu para o perdón dos pecados, purifique e nos encha o corazón para poder anunciar coa nosa vida que somos fillos de Deus. Amén

Eu, no nome de Deus e da Igrexa, absólvote dos teus pecados, no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.



Co corazón perdoado e cheo de agradecemento rezamos dicindo

**Dámosche grazas, Pai**

► Polo amor co que nos amas e nos chamas á paz.

**Dámosche grazas, Pai.**

► Polo perdón que nos concedes e nos enche de paz.

**Dámosche grazas, Pai.**

► Polos sacramentos que recibimos e nos dan paz.

**Dámosche grazas, Pai.**

► Pola túa Palabra que nos alenta para dar unha man á paz.

**Dámosche grazas, Pai.**

► Polo exemplo de paz que nos dás na vida de Cristo.

**Dámosche grazas, Pai.**

► Pola forza do Espírito que camiña con nós na busca da paz.

**Dámosche grazas, Pai.**

► Pola Igrexa que nos chama a ser comunidade de paz.

**Dámosche grazas, Pai.**

► Polos irmáns que comparten con nós a fe vivindo en paz.

**Dámosche grazas, Pai.**

► Polas persoas que vas pondo no noso camiño para que nos coiden e nos guíen, e nos son exemplo de paz.

**Dámosche grazas, Pai.**

Dámosche grazas, Pai, pola grandeza da túa misericordia, que non se esgota, e sempre nos perdoa. Seguindo as pegadas do teu Fillo dicimos confiados Noso Pai ...



Co corazón perdoado e comprometido, con quen está por un mundo en irmandade, nós podemos mellorar.

Repartimos unha pequena pedra na que hai escritas algunhas palabras. Se as facemos cribes no día a día estaremos mellorando os camiños da vida. Nelas está escrito o noso esforzo.



Podémonos ir en paz.